

A pesca do arrastre.

O arrastre é unha arte de pesca devastadora. De sempre foi sabido que non é selectiva e destrúe todo canto atopa ao seu paso. Por iso está prohibido o seu uso a menos de 50 metros de profundidade.

Pero ata hai pouco non se tiña cuantificado a verdadeira dimensión do desastre. A día de hoxe xa se realizaron estudos experimentais do efecto das redes de arrastre sobre as pradarias de Posidonia Oceanica.

Esta pranta fanerógama forma densas pradarias, que albergan algunhas das comunidades submarinas máis ricas e productivas do litoral mediterráneo. Ademais, é refuxio de xuvenís de moitas especies, aporta unha grande cantidade de osíxeno á auga e protexe a costa da erosión, pois as súas raíces fixan o substrato e as súas follas frean o bater das ondas.

Nos estudos participaron pescadores das costas murcianas, que saben que esas redes arrástranos tamén a eles á desolación.

Analizouse a topografía dos fondos mariños e rexistráronse as variables físico-químicas da auga e o substrato.

Baixo a auga é realizado un traballo preciso e rigoroso. Hai que acotar parcelas, recoller as matas que habitan nunha área determinada para cuantificar a biomasa de posidonia, tanto de follas como de raíces, e outras variables biolóxicas que definen a comunidade vexetal e permiten coñecer a súa actividade fisiolóxica e os seus efectos biolóxicos.

As pezas que manteñen abertas as redes golpean e angazan o fondo. Un remuíño de caos e destrucción.

Na rede de arrastre cae todo canto se atope ao seu paso, teña ou non valor comercial. Xa no barco, as especies atrapadas son separadas por grandes grupos.

O traballo continúa no laboratorio, ata calcular que en pouco máis de hora e media de arrastre, son devastadas unhas cinco hectáreas de pradaria de posidonia.

Prantas arrincadas, fondos remexidos, augas enturbadas e con menos osíxeno: toda a vida mariña alterada, diminuída. Menos peixes.

Máis cedo que tarde as consecuencias chegarán á lonxa; as redes arrastran tamén a vida dos pescadores.